



Nota de prensa

Obxectivo: alimentos para 1.800 familias durante un ano

EROSKI E MAIS OS SEUS CLIENTES RECADAN 1,6 MILLÓNS DE EUROS A PROL DOS BANCOS DE ALIMENTOS

- 1,5 millóns de clientes fixéronlles a súa achega aos Bancos de Alimentos a través da *Gran Recollida* celebrada a pasada semana e do programa *Céntimos Solidarios*
- Os Bancos de Alimentos destinarán a recadación a atenderen as necesidades básicas dos colectivos máis desfavorecidos e necesitados
- EROSKI anima os seus clientes a seguiren colaborando a través do programa *Céntimos Solidarios* ata o 6 de xaneiro e lograr así o reto de alcanzar 5 millóns de comidas no 2020, o que equivalería a alimentar a 1.800 familias durante un ano

Elorrio, 25 de novembro do 2020.- [EROSKI](#) e mais os seus clientes recadaron un total de 1,6 millóns de euros a prol da [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#) dende que o 5 de novembro puxo en marcha o seu programa *Céntimos Solidarios* e a pasada semana rematou a tradicional *Gran Recollida* de alimentos nas súas tendas.

Foi unha campaña especial na que, a consecuencia das medidas de seguridade adoptadas para loitar contra a Covid-19, mudou o formato e a dinámica, mais que mantivo, iso si, o mesmo espírito. Uníronse máis de 1.100 establecementos entre supermercados, hipermercados e franquías da rede comercial de EROSKI. A achega levouse a cabo a través de bonos polo valor que o cliente considerou oportuno ao pasar pola caixa.

"Unha vez máis queremoslles agradecer aos nosos clientes a xenerosidade e o apoio amosado nesta edición, que foi diferente pero sempre dentro do noso firme compromiso para contribuír a unha sociedade máis xusta e solidaria", afirma o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"Queremos agradecer de novo a colaboración de EROSKI con FESBAL nunha situación tan difícil coma a que estamos a vivir. Foi todo un éxito esta campaña reinventada que realizamos de xeito virtual e que nos permite adquirir produtos alimenticios que posteriormente distribuimos a través das entidades benéficas coas que colaboramos para os colectivos máis desfavorecidos e necesitados", sinala o director xeral da Federación Española de Bancos de Alimentos, D. Miguel Fernández.

EROSKI reforzou este ano a súa colaboración cos Bancos de Alimentos a consecuencia da situación de crise derivada da Covid-19, tanto coa *Gran Recollida* e

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



co programa *Céntimos Solidarios*, como coa campaña de recadación realizada entre abril e xuño.

O reto: 1.800 familias alimentadas durante un ano

Os clientes puideron tamén colaborar cos Bancos de Alimentos a través do novo programa de *Céntimos Solidarios* que EROSKI puxo en marcha hai unhas semanas e grazas ao cal xa se realizaron máis dun millón de doazóns e se recadaron máis de 190.000 euros. De feito, un terzo dos clientes de EROSKI que aboan as súas compras con tarxeta destinou uns céntimos á causa.

EROSKI anima os seus clientes a seguir doando aos Bancos de Alimentos a través do programa *Céntimos Solidarios* que rematará o vindeiro 6 de xaneiro. *"O noso obxectivo é lograr recadar no 2020 o equivalente a 5 millóns de comidas, ou o que é o mesmo, a posibilidade de alimentar a 1.800 familias durante un ano completo"*, afirma Martínez Berriochoa.

Os cartos doados destinaranse aos Bancos de Alimentos de cada zona para que lles poidan proporcionar produtos de alimentación e mais outros de primeira necesidade ás familias que quedaron en situación de vulnerabilidade tras a emerxencia sanitaria.

A solidariedade: eixe de EROSKI e dos seus clientes

A situación de pandemia que estamos a atravesar puxo sobre a mesa a necesidade de ofrecer alternativas seguras e eficaces para canalizar a solidariedade dos clientes de EROSKI.

O sistema de bonos, por exemplo, utilizado este ano para a Gran Recollida, desenvolvérono Eroski e mais os Bancos de Alimentos para lles facilitar a doazón aos clientes, aliviar os bancos de parte das complexidades loxísticas que estas operacións levan consigo e garantir a dispoñibilidade dos produtos necesarios en cada momento.

As achegas solidarias dos clientes súmanse ás realizadas por EROSKI a distintas entidades sociais, que ascenden a 7 millóns de euros no 2020, grazas a distintos convenios de colaboración e ao programa *Desperdicio Cero*, polo que se doan os produtos aptos para o consumo humano que non se venden nas nosas tendas.

Máis de 20 anos colaborando cos Bancos de Alimentos

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Así, naceron ese mesmo ano as campañas "Operación Quilo" ou a "Gran Recollida" de alimentos nas tendas EROSKI.

EROSKI foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro, o máximo galardón que lle outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE ÍZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)